

CURSO

TRABALLO SOCIAL NO SISTEMA DE PROTECCIÓN Á INFANCIA

DOSSIER INFORMATIVO



FORMACIÓN COTSG

**TRABALLO SOCIAL
NO SISTEMA DE
PROTECCIÓN Á
INFANCIA**

>>>> 60 HORAS

 Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

EMMA SEOANE E MARTA PINTOS
Traballadoras Sociais

Datas: 4 de setembro ao 28 de outubro de 2024

Modalidade: Mixta, online con 1 sesión presencial

Lugar: na sede da FEGAMP

Prezo: de balde

 fegamp

1.RESUMO DO CURSO



60 HORAS



De balde



**Do 4 de setembro ao 28 de outubro
de 2024**



**Online con 1 sesión
presencial**

2.OBXECTIVOS

- Coñecer a lexislación, protocolos, recursos e estrutura do sistema de protección á infancia en Galicia
- Recoñecer as situación de maltrato
- Coñecer e recoñecer as boas prácticas que deben exercer as e os profesionais que interveñen con infancia e adolescencia.
- Ofrecer ferramentas e estratexias básicas para o traballo con infancia, adolescencia e familias, nas que o empoderamento das persoas e o acompañamento profesional leva a intervencións coidadosas e efectivas, evitando o “queime profesional
- Evitar o maltrato institucional

3.CONTIDOS FORMATIVOS

- **Módulo 1: Marco xurídico da protección á infancia**

- Evaluación do concepto de protección á infancia
- A Declaración dos Dereitos á Infancia
- O interese superior
- Marco lexislativo vixente a nivel internacional, estatal e galego

- **Módulo 2: O maltrato e a desprotección infantil e as súas consecuencias**

- Definición e tipoloxía
- Indicadores de detección

- Efectos e consecuencias do maltrato e a desprotección a infancia
- Procedemento e valoración da situación de desprotección

- **Módulo 3: Protocolos e recursos**

- Protocolos de actuación ante o maltrato infantil
- Estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia
- A protección á infancia dende os SS.SS. Comunitarios: prevención e intervención coas familias
- A protección á infancia dende os SS.SS. Especializados:

composición, metodoloxía para a toma de decisión e intervención

- Recursos do Sistema de protección á infancia

- **Módulo 4: Intervención con infancia e familia**

- Fases de desenvolvemento infantil e necesidades en cada etapa evolutiva
- Apego e trastornos de apego
- Titorías de resiliencia
- Os procesos narrativos
- Como a/o profesional forma parte do sistema familiar

- **Módulo 5: Traballo en Rede**

- Diferencias co traballo en grupo

- Coordinacións internas con outras profesionais do mesmo servizo ou similares
- Coordinacións externas con outros axentes de socialización
- Traballo en rede segundo o Código Deontolóxico
- Boas prácticas

- **Módulo 6: Autocoidado**

- Que é e por que é preciso
- Síndrome “Burn-Out”
- Sinais de alerta
- Coidados esenciais

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Profesionais do Traballo Social da administración local de Galicia

5. CALENDARIO

Desde o 4 de setembro ao 28 de outubro de 2024

6. METODOLOXÍA

O curso desenvolverase na modalidade mixta, con teleformación, sesións online e con unha sesión presencial na sede da FEGAMP. O alumnado contará co apoio da plataforma Moodle, a través da que se lle facilitará documentación e outros recursos que se estimen adecuadas para o mellor aproveitamento da formación. Os contidos formativos serán o temario en formato PDF, contido audiovisual, exercicios prácticos, lecturas complementarias e participación activa nos foros onde se propoñerán temas de interese para fomentar o debate.

En cada sesión, entregaranse exercicios para que o alumnado traballe individualmente, recibindo unha devolución do traballo entregado por parte das docentes. O último día realizarase unha devolución global a modo de conclusión, que servirá para clarificar dúbidas que poidan existir.

7. AVALIACIÓN

Para a superación da acción formativa será preciso:

- Superación dos test finais de cada módulo, onde haberá que contestar correctamente 6 das 10 preguntas plantexadas. O alumnado disporá, para iso, 3 intentos.
- Realizar as **actividades indicadas** polas docentes facilitadas no curso. As actividades serán tarefas ou exercicios prácticos que terán un carácter obrigatorio, e que serven para afondar no tema do obxecto de estudo.
- A participación no foro é voluntaria, aínda que recomendamos o uso dos mesmos para que a formación resulte máis enriquecedora, debater en grupo, compartir dúbidas, experiencias e xerar sinerxias.

8.DOCENCIA

Emma Seoane

Traballadora social con máis de 20 anos de experiencia en programas de intervención en colaboración coa Xunta de Galicia. A súa traxectoria profesional estivo maioritariamente vinculada ao T.S. con familias, infancia e adolescencia, a través de entidades de adopción internacional como ADECOP, acollemento en familia allea en Cruz Vermella e acollemento en familia extensa en Aldeas Infatís SOS Galicia.

Marta Pintos

Traballadora Social con máis de 15 anos de experiencia, exerce como Traballadora Social e responsable do programa de acollemento familiar en Cruz Vermella en Santiago de Compostela dende 2005

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublin, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

981 568 100

info@traballosocial.gal

[facebook.com/COTSdeGalicia](https://www.facebook.com/COTSdeGalicia)

[@cotsgalicia](https://www.instagram.com/cotsgalicia)

